

Resolución pola que se fai pública a apertura do prazo para a solicitude de traslados de centro de traballo do persoal fixo-descontinuo na categoría profesional de Xefe/a de Brigada.

Por resolución do 27 de decembro de 2024 fíxose pública a proposta de contratación das persoas aspirantes que superaron os procesos selectivos extraordinarios de estabilización da Lei 20/2021 na E.P. SEAGA.

O pasado 22/04/2025 levouse a cabo o inicio da actividade descontinua na categoría de xefe/a de brigada. Efectuadas as correspondentes incorporacións á actividade, existen na actualidade os seguintes postos vacantes:

PROCESO	CODIGO POSTO	POSTO (O.P.E)	DESTINO	CARÁCTER	DURACION
Estabilización - Concurso Méritos	15-D-XB-02	Xefe/a Brigada	A CORUÑA	Discontinuo	6 MESES
Estabilización - Concurso Méritos	15-D-XB-03	Xefe/a Brigada	A CORUÑA	Discontinuo	6 MESES
Estabilización - Concurso Méritos	15-D-XB-04	Xefe/a Brigada	A CORUÑA	Discontinuo	6 MESES
Estabilización - Concurso Méritos	15-D-XB-05	Xefe/a Brigada	A CORUÑA	Discontinuo	6 MESES
Estabilización - Concurso Méritos	32-D-XB-02	Xefe/a Brigada	OURENSE	Discontinuo	6 MESES
Estabilización Concurso Oposición	27-D-XB-03	Xefe/a Brigada	LUGO	Discontinuo	6 MESES
Estabilización Concurso Oposición	27-D-XB-05	Xefe/a Brigada	LUGO	Discontinuo	6 MESES

En base ó anteriormente exposto, RESOLVO

Primeiro

Aperturar un prazo de dous (2) días hábiles dende a publicación da presente resolución para a presentación de solicitudes de cambio de destino do persoal fixo descontinuo na categoría Xefe/a de Brigada da Empresa Pública de Servizos Agrarios Galegos S.A.

Segundo.

As persoas aspirantes deberán remitir o anexo desta resolución, debidamente cumprimentado e asinado, ca indicación dos destinos seleccionados por orde de preferencia, daqueles postos nos que tiveran superado o correspondente proceso selectivo.



Terceiro. Os lugares habilitados para a súa presentación serán:

- Presencialmente en calquera das oficinas de rexistro da E.P. SEAGA:
 - o Nas oficinas de rexistro de SEAGA, sitas no Polígono Industrial do Tambre, Vía Marconi, nº 14, 15.890 Santiago de Compostela - A Coruña, de luns a xoves, en horario de 9:00h a 14:00h e de 15:30h a 17:30h e os venres en horario de 9:00h a 14:00h.
 - o Nas oficinas de rexistro de SEAGA, de luns a venres, en horario de 9:00h a 14:00 horas, sitas en:
 - Polígono do Ceao, Rúa dos Carros, parcela 17, 27003 Lugo.
 - Polígono de San Cibrao das Viñas, Sector C, Rúa Ricardo Martín Esperanza (Rúa 1), Parcela 1-G, Nave 3, 32911 San Cibrao das Viñas, Ourense.
 - Lugar de Cabanas - Salcedo nº 54, 36143 Pontevedra.
 - Estrada N. VI, Km 581, 15640 Guísamo-Bergondo.
- Electronicamente, desde a sede electrónica da Xunta de Galicia na dirección <https://sede.xunta.gal> empregando o modelo co código PR004A-Presentación electrónica de solicitudes, escritos e comunicacións que non contén cun sistema electrónico específico nin cun modelo electrónico normalizado. En destinatario deberá seleccionar Consellería do Medio Rural e a continuación Empresa Pública de Servizos Agrarios Galegos (SEAGA).

Cuarto. Finalizado o prazo indicado, SEAGA procederá á adxudicación dos novos destinos en función da orde de prelación acadada no correspondente proceso selectivo e da orde de preferencia do novo destino indicada pola persoa solicitante.

A resolución deste proceso farase pública a través da páxina web de SEAGA.

Santiago de Compostela, (na data e hora dixital)

A directora xerente da E.P. SEAGA

